

Facultade de
Dirección e Xestión Pública

SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE DOS CENTROS (GRAOS E MESTRADOS)

PROCEDEMENTO

Xestión do Persoal docente e Investigador - PDI

CÓDIGO PE-02 ÍNDICE 02

ELABORACIÓN	VALIDACIÓN	APROBACIÓN
Área de Calidade	Comisión de Calidade	Xunta de centro
Data e sinatura	Data e sinatura	Data e sinatura

Proceso

Xestión do persoal.

Histórico de evolucións

ÍNDICE	DATA	ELABORACIÓN	MOTIVO DAS PRINCIPAIS MODIFICACIÓNS
01	XX/XX/2023	Área de Calidade	Adaptación e aprobación do procedemento (documentación marco) no marco do programa Fides-Audit de SGC dos centros.
02	08/09/2025	Área de Calidade	Modificación do procedemento baseada nas indicacións do informe provisional de avaliación do deseño do sistema de garantía de calidade do centro

Índice

I Obxecto	4
II Alcance	4
III Referencias	4
IV Desenvolvemento	10
V Anexos	15

I OBXECTO

Definir a metodoloxía que permite aos centros académicos xestionar as competencias que se lle atribúen canto a xestión do PDI, isto é, a identificación das necesidades de recursos humanos e de formación continua para mellorar a súa calidade.

II ALCANCE

Este procedemento é de aplicación ao persoal docente e investigador da Universidade de Vigo.

En canto a formación abrangue as actividades desenvolvidas ou recoñecidas pola Universidade de Vigo a través da Área de formación e innovación educativa.

No que se refire a avaliación docente recolle o procedemento institucional de avaliación docente conforme ao Programa Docencia, validado por ACSUG.

O desenvolvemento global das distintas accións relacionadas co desenvolvemento da carreira docente e a xestión das distintas situacións administrativas do persoal PDI, están centralizados no Servizo de PDI, dependente da Xerencia Universidade de Vigo, polo que non se inclúen neste documento.

III REFERENCIAS

III.1. Normas

A lexislación e a normativa xeral que afecta ao SGC dos centros está descrita no *Manual de calidade*. A lexislación que non está no Manual é a seguinte:

Lexislación

- Lei Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario.
- Real Decreto 678/2023, de 18 de xullo, polo que se regula a acreditación estatal para o acceso aos corpos docentes universitarios e o réxime dos concursos de acceso as prazas de ditos corpos

- Real decreto 640/2021, do 27 de xullo, de creación recoñecemento e autorización de universidades e centros universitarios e acreditación institucional de centros universitarios.
- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido de la Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Lei 14/2011, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Real decreto 2/2015 polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.
- Real decreto 415/2015, do 29 de maio, polo que se modifica o Real decreto 1312/2007, do 5 de outubro, polo que se establece a acreditación nacional para o acceso aos corpos docentes universitarios.

Outros documentos de referencia:

- ANECA:
 - Programa de apoio para a avaliación da calidade da actividade docente do profesorado universitario (Docentia) do 20 de maio de 2021.
- Universidade de Vigo:
 - Manual de avaliación do programa Docentia
- Rede Española de Axencias de Calidade Universitaria (REACU):
 - Directrices e orientacións para a elaboración e avaliación dos planes de estudo de títulos de grao e máster en ensinanza non presencial e semipresencial (29 de novembro de 2021)

III.2. Definicións

– Actividade docente: Conxunto de actuacións, realizadas dentro e fóra da aula, destinadas a favorecer a aprendizaxe do estudiantado en relación cos obxectivos e competencias definidas no plan de estudos, nun contexto institucional determinado.

- Avaliación da actividade docente: Valoración sistemática da actuación do profesorado, considerando a súa vertente profesional e a súa contribución para conseguir os obxectivos da titulación na que está implicado, en función do contexto institucional no que esta se desenvolve.
- Avaliación da formación: valoración do grao co que se acadaron os obxectivos dunha acción formativa (Norma UNE 66173 IN).
- Comisión de Avaliación Docente: Grupo de persoas nomeadas pola Universidade para avaliar a actividade docente do profesorado, segundo o procedemento establecido.
- Comisión de Estudos Propios: Órgano de regulación, de aprobación, de organización e de supervisión da calidade dos programas de formación permanente da Universidade de Vigo.
- Coordinador/a formativo/a: aos efectos deste procedemento, é a persoa da Universidade de Vigo que diseña unha actividade ou programa formativo e que, en colaboración coas unidades especializadas da organización, apoia a súa execución, avaliación e seguimento.
- Docencia presencial: É aquela modalidade docente na que o conxunto da actividade lectiva que enmarca o plan de estudos se desenvolve de forma presencial (interactuando o profesorado e o estudantado no mesmo espazo físico, sexa este a aula, laboratorios ou espazos académicos especializados).
- Docencia híbrida: É aquela modalidade docente na que a actividade lectiva que enmarca o plan de estudos engloba disciplinas ou materias en modalidade presencial e virtual (non presencial), sempre mantendo a unidade do proxecto formativo e a coherencia en todos aqueles aspectos académicos máis relevantes –aínda que a conxugación da dobre modalidade docente implique adaptacións dos elementos académicos a estas–. A proporción de créditos non presenciais para que un título teña a consideración de híbrido será a situada nun intervalo entre o 40 e o 60 % da carga crediticia total.
- Docencia virtual: É aquela en que o conxunto da actividade lectiva que se enmarca no plan de estudos se articula a través da interacción académica entre o profesorado e o estudantado que non require a presenza física de ambos no mesmo espazo docente da universidade. Esta modalidade caracterízase por basearse no uso intensivo de tecnoloxías dixitais da información e da comunicación. En termos de carga crediticia, poderá definirse como impartido en modalidade virtual cando ao menos un 80 % de ECTS que o configuran se imparten na dita modalidade de ensino.

- Centro de Posgrao e Formación Permanente: Centro da Universidade de Vigo encargado da xestión e promoción da formación permanente da Uvigo.
- Formación: proceso que proporciona e desenvolve coñecementos, habilidades e coñecementos para cumprir os requirimentos.
- Formación permanente: A formación permanente da Universidade de Vigo comprenderá dous tipos de actividades educativas:
 - Títulos propios de especialización académica: Ensinos coa finalidade da adquisición de competencias avanzadas, orientadas á especialización profesional e/ou persoal. Estes títulos poderán orientarse á formación de posgrao ou non requirir unha formación universitaria previa.
 - Programas específicos de formación: Están orientados á formación continua de determinados colectivos como o PDI ou persoas maiores. Non poderán coincidir en ningún caso cos títulos propios de especialización académica da Uvigo.
- Persoal docente investigador: Esta constituído polo profesorado dos corpos docentes universitarios e polo profesorado laboral. As figuras que forman parte dos corpos docentes universitarios son os/as catedráticos/as de Universidade e profesores/as titulares de Universidade. As figuras que forman o profesorado laboral son:
 - profesorado axudante doutor,
 - profesorado asociado,
 - profesorado substituto,
 - profesorado emérito,
 - profesorado permanente laboral,
 - profesorado visitante e profesorado distinguido.
- Persoal investigador contratado: doutores ou doutoras seleccionados mediante convocatoria pública.
- Formación continua: conxunto de todas as actividades de aprendizaxe ao longo da vida, co obxectivo de mellorar o coñecemento, as habilidades e as competencias tanto no plano persoal coma social ou profesional (Consello de Europa, 2000).

- Formación permanente: A formación permanente da Universidade de Vigo comprenderá dous tipos de actividades educativas:

- Títulos propios de especialización académica: Ensinos coa finalidade da adquisición de competencias avanzadas, orientadas, á especialización profesional e/ou persoal. Estes títulos poderán orientarse á formación de posgrao ou non requirir unha formación universitaria previa.
- Programas específicos de formación: Están orientados á formación continua de determinados colectivos como o PDI ou persoas maiores. Non poderán coincidir en ningún caso cos títulos propios de especialización académica da Uvigo.

- Títulos propios de especialización académica de posgrao: Poden cursalos as persoas tituladas ou o estudiantado universitario que cumpra os requisitos de admisión e se clasifican segundo a súa duración:

- Títulos de mestrado propio cunha carga lectiva de 60, 90 ou 120 créditos.
- Títulos de especialista cunha carga lectiva entre 30 e 59 créditos.
- Título de experto/a cunha carga lectiva entre 15 e 29 créditos.
- Diploma de curso avanzado de posgrao cunha carga lectiva entre 3 e 14 créditos.

- Títulos propios de especialización académica universitaria: Están dirixidas ao estudiantado ou profesionais para o seu desenvolvemento persoal ou profesional. Non cómpre titulación universitaria previa e os requisitos de acceso serán fixados pola dirección académica. En función da súa duración, clasifícanse:

- Diploma de formación superior universitaria cunha carga lectiva entre 20 e 30 créditos.
- Diploma de curso de formación universitaria cunha carga lectiva de ata 19 créditos.

- Necesidades específicas de apoio educativo: Son o conxunto de necesidades que presenta o alumnado nunha etapa educativa concreta ou que se estende ao longo de todas elas e que abarca desde necesidades especiais derivadas dunha discapacidade, un trastorno de conduta, polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporarse tarde ao sistema educativo ou polas súas condicións persoais ou de historia escolar (Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación).

III.3. Abreviaturas e siglas

- ACSUG: Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia.
- ANECA : Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación.
- CAD: Comisión de Avaliación Docente.
- CEP: Comisión de Estudos Propios.
- EAFP: Escola Aberta de Formación Permanente ou Centro de Posgrao de Formación Permanente.
- EAD: Enquisa de avaliación docente do profesorado.
- ENQA: *European Association for Quality Assurance in Higher Education* (Rede Europea para a Garantía da Calidade na Educación Superior).
- FIE: Formación e Innovación Educativa.
- PDA: Programación Docente Anual.
- PDI: Persoal Docente e Investigador.
- POX: Plan operativo de xestión.
- POD: Plan de Organización Docente.
- PTXAS: Persoal Técnico de Xestión de Administración e Servizos.
- QSP: Queixas, Suxestións e Parabéns.
- SGIC: Sistema de Garantía Interna de Calidade.
- UAP: Unidade de Análises e Programas.

IV DESENVOLVEMENTO

IV.1. Finalidade do procedemento

Realizar de xeito eficaz e eficiente os procedementos ligados a xestión do PDI e contribuír a través da avaliación e formación a:

- garantir que o profesorado estea cualificado e sexa competente no seu traballo.
- mellorar os resultados de calidade dos centros e titulacións.

IV.2. Responsable do procedemento


- Vicerreitoría con competencias en profesorado.

IV.3. Indicadores


Para a medición dos resultados asociados a este procedemento terase en conta o panel de indicadores centralizado segundo o establecido no procedemento “*DE-02 Xestión e Medición dos Resultados*”.

A descrición e o modo de cálculo destes indicadores están definidos no catálogo de indicadores, dispoñible no portal de transparencia da Universidade de Vigo.


IV.4. Diagrama de fluxo




B) FORMACIÓN DO PROFESORADO: DEFINIÇÃO DAS NECESIDADES DE FORMACIÓN



C) FORMACIÓN DO PROFESORADO: DESEÑO E PLANIFICACIÓN DA FORMACIÓN



D) FORMACIÓN DO PDI: AVALIACIÓN DOS RESULTADOS



V ANEXOS

Documentos

Non hai anexos asociados neste documento

Rexistros

Identificación do rexistro		Soporte orixinal	Lugar de arquivo	Responsable da custodia (órgano/posto)	Duración
Código	Denominación				
R1 PE-02	Informe de Resultados Institucionais	Electrónico	Aplicación do SGC- Páxina web do centro	Coordinador/a de Calidade do Centro	6 anos
R2 PE-02	Listaxe de accións formativas derivadas de necesidades detectadas	Electrónico	Aplicación do SGC- Páxina web do centro	Coordinador/a de Calidade do Centro	6 anos